



CONCELLO DE VIGO

Expte. 45226/220

ACTA MESA XERAL NEGOCIACIÓN COLECTIVA

SESIÓN EXTRAORDINARIA 25.09.2024

Na sala sita no quinto andar da Casa do Concello de Vigo, iníciase a sesión extraordinaria da Mesa Xeral de Negociación Colectiva, sendo as nove horas e trinta minutos do día vinte e cinco de setembro do ano dous mil vinte e catro. Preside **D^a PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO**, concelleira de Seguridade, Festas, Contratación e Xestión Municipal por resolucións de Alcaldía de datas de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2024, e actúa como secretaria **D^a Susana Gallardo Fariña**, Secretaria de Goberno local, segundo a orde do día fixada pola Presidencia asistindo as persoas que a continuación se relacionan:

Por parte da Administración:

- Dna. Patricia Rodriguez Calviño (concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Festas, Contratación e Xestión Municipal).
- Dna. Olga Alonso Suárez (concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, e Recursos Humanos e Formación).

Por parte da representación sindical:

UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (UXT)

- D. Manuel Vas Costa
- D. Ramón Pérez Rodríguez

COMISIÓNS OBREIRAS (CCOO)

- D. Manuel A. Córdoba Ardao
- D. Enrique Alonso Rodríguez
- D.^a Marta Andrade Tello (asesora)

CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG)

- D. Juan Carlos Rodríguez Lorenzo
- D. Carlos Igrexas Martínez

SINDICATO INDEPENDIENTE DO CONCELLO DE VIGO (SICO-CSIF)

- D. Dámaso Pena González
- D. Santiago J. Martínez Pardo
- D. Juan Diego Vázquez Domínguez
- D.^a Nuria Santibáñez Pascual

Mesa Xeral de Negociación-Sesión extraordinaria 25/09/2024-Expte. 45226/220



Copia do documento - Concello de Vigo
45226-220

Data impresión: 02/10/2024 12:45 Páxina 1 de 28
CSV: ADAB5E-EBB5EA-55B7B4-B3ZDMF-4A6C1Z-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 45226/220

Asisten tamén, de conformidade cos “*Criterios de funcionamento da Mesa Xeral de Negociación no Concello de Vigo*”, aprobados en Xunta de Goberno Local, sesión do 04/12/2015:

ÁREA DE RRHH E FORMACIÓN

- D.^a Sonia Estrada Ibáñez
- D. Marcos Viturro Gómez
- D.^a Tatiana Ordóñez del Pazo

INTERVENCIÓN MUNICIPAL

- D. Alberto Escariz Couso (interventor)

TESOURERÍA-RECADACIÓN

- D. Luis García Álvarez (tesoureiro)

A Presidencia inicia a presente reunión convocada con carácter extraordinario, co único punto da orde do día.

1º.- Expediente 44929-220: ANTEPROXECTO DO CAPÍTULO I DE GASTOS DOS ORZAMENTOS MUNICIPAIS 2025.

A Presidencia da conta do informe técnico elaborado polo equipo de traballo do anteproxecto do capítulo i de gastos dos orzamentos municipais para o exercicio 2025 de data 17.09.2025 que literalmente di

“ANTECEDENTES:

En data 17/07/2024, dáse traslado da formación do equipo de traballo **para a elaboración do anteproxecto de Capítulo I dos Orzamentos Municipais 2025**, segundo de seguido se dispón:

- A instrución do expediente electrónico n.º 44.929-220 consta asignada por resolución administrativa ao Técnico de Administración Xeral, D. Marcos Viturro Gómez, funcionario de carreira, adscrito á Área de Recursos Humanos e Formación, no exercicio das funcións contempladas no artigo 169.1, letra a) do Real Decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e vixentes guías sobre funcións dos postos de traballo do Concello de Vigo aprobadas pola Xunta de Goberno Local.
- Determínase na resolución a colaboración da Técnica de Relacións Laborais, asignándose en consecuencia á funcionaria municipal D.^a María José Rodríguez Martínez o apoio técnico especializado ao instrutor do expediente, consonte ás vixentes guías sobre funcións dos postos de traballo e ao artigo 171.1 do Real

Mesa Xeral de Negociación-Sesión extraordinaria 25/09/2024-Expte. 45226/220



Copia do documento - Concello de Vigo
45226-220

Data impresión: 02/10/2024 12:45 | Páxina 2 de 28
CSV: ADAB5E-EBB5EA-55B7B4-B3ZDMF-4A6C1Z-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 45226/220

Decreto legislativo citado no punto anterior.

- A actualización, almacenamento e alimentación da información relativa ao Capítulo I de gastos nas aplicacións xestoras das que dispoña a Área de Recursos Humanos e Formación, así como a mecanización dos datos necesarios para a elaboración sistemática da información nas aplicacións e soportes dixitais de simulación orzamentaria e xestión e control económico dos gastos de persoal, corresponde a todo o persoal administrativo da Área de Recursos Humanos e Formación, asignándose para este cometido ás administrativas de Administración Xeral, D^a Tatiana Ordóñez del Pazo e, no caso de ausencia da anterior, a D^a María Cristina Miniño Valverde; e dispoñendo a obrigada colaboración do persoal do reforzo autorizado para a Área de Recursos Humanos e Formación en expediente 42.434-220, a efectos de garantir a debida execución en prazo.

Unha vez conformado o grupo de traballo, solicitouse colaboración verbal ao departamento de Administración electrónica para o asesoramento na introdución e mecanización dos datos técnicos necesarios no programa GINPIX, constando en todo momento a colaboración por parte da adxunta-xefa do servizo de Administración Electrónica D^a P. Alonso Cacheiro.

Por instrución do Servizo de data 11/09/2024, incorpórase aos traballos de elaboración deste anteproxecto do capítulo 1 á funcionaria D^a S. Estrada Ibáñez.

Como cuestión previa, resulta imprescindible deixar constancia expresa de que, as solicitudes de creación/amortización de prazas para a posterior Instrución da Concelleira Delegada para a elaboración dos informes e documentación técnica relativa ao Capítulo I de gastos, dispóñense de xeito completo dende o 17/09/2024, o que motiva o atraso correspondente na elaboración final deste Informe.

TRASLADO DO EXPEDIENTE 44929-220 E INDICACIÓNS SOBRE CUSTES DE PERSOAL

No expediente 44929-220 remitido en data 17/07/2024 ao Técnico de Admón. Xeral, responsable da xestión técnica do mesmo, achéganse as indicacións sobre custes de persoal no orzamento do ano 2025 asinado pola Tesoureira e Responsable Superior Contable e Orzamentación e conformado polo Concelleiro Delegado da Área en data 05/07/2024, nas que se indican, en síntese, as seguintes directrices:

- Estimación das variacións das retribucións nun 0,5% correspondente ao incremento salarial efectuado en xullo 2024 e un 2% como incremento retributivo para o ano 2025.

No caso de que o incremento aprobado para o ano 2025 sexa superior ao indicado, se aplicará con cargo aos créditos das prazas vacantes

O incremento aplicarase nos conceptos 100,110,120,121,130 e 143.

- Aplicación orzamentaria 92001400000: debera dotarse de crédito suficiente para dar cobertura a todos os nomeamentos vixentes no ano 2025, sendo o máximo de dotación inicial a contida nos orzamentos de 2024

Mesa Xeral de Negociación-Sesión extraordinaria 25/09/2024-Expte. 45226/220



Copia do documento - Concello de Vigo

45226-220

Data impresión: 02/10/2024 12:45

Páxina 3 de 28

CSV: ADAB5E-EBB5EA-55B7B4-B3ZDMF-4A6C1Z-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 45226/220

- Custe seguridade social:
 - nas prazas vacantes non se incluíra o custo aplicable ao desemprego e a revisión das bases de cotización será dun 2%.
- Implementación na plantilla do ano 2025 a totalidade do Plan de estabilización de emprego aprobado.
- Dotación inicial das contías a produtividade e gratificación, nos termos cuantitativos do ano 2024 e nas aplicacións que se reflicten nesta instrución (Aplicacións 13201500000, 13201510000, 13601500000, 13601510000, 92001500000 w 92001510000).

Como criterio xeral, o número de xornadas de reforzo anual deberá quedar limitado á contía máxima equivalente ao número de xornadas que representan as prazas vacantes.
- A TRE manterá o mesmo criterio que o previsto pola LOXE para o ano 2024.
- O Seguro colectivo de vida e accidentes, será pola contía do contrato que ten causa no acordo Marco, que segundo se indica ascende a 182778,16€.
- Prazo de remisión da información até o 16 de setembro do ano 2024.
- Unha vez que se teña formado a estrutura de custes do capítulo 1 de acordo aos programas orzamentarios, os acordos que se adopten de mobilidade de recursos entre programas, quedarán diferidos ao ano seguinte, de non ser así, estase a xerar unha incoherencia entre o orzamento en trámite e aprobado e a asignación dos RR.HH.

-INCREMENTOS A APLICAR

Sen prexuízo das directrices recollidas no informe do Tesoureiro e Responsable Superior Contable e Orzamentación, o artigo 19 da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 (LOXE), dentro da regulación de *“Bases y coordinación de la planificación general de la actividad económica en materia de gastos de personal al servicio del sector público”*, recolle no seu apartado **dous**:

“1. En el año 2023, las retribuciones del personal al servicio del sector público no podrán experimentar un incremento global superior al 2,5 por ciento respecto a las vigentes a 31 de diciembre de 2022, en términos de homogeneidad para los dos períodos de la comparación, tanto por lo que respecta a efectivos de personal como a la antigüedad del mismo.

2. Asimismo se aplicarán, en su caso, los siguientes incrementos respecto de las retribuciones vigentes a 31 de diciembre de 2022 y con efectos, en ambos casos, de 1 de enero de 2023:

a) Incremento vinculado a la evolución del Índice de Precios al Consumo Armonizado (IPCA). Si la suma del IPCA del año 2022 y del IPCA adelantado del mes de septiembre de 2023 fuera superior al 6 por ciento, se aplicará un incremento retributivo adicional máximo del 0,5 por ciento.

A estos efectos, una vez publicados por el Instituto Nacional de Estadística (INE) los datos del IPCA adelantado del mes de septiembre de 2023, se aprobará la aplicación de este

Mesa Xeral de Negociación-Sesión extraordinaria 25/09/2024-Expte. 45226/220



Copia do documento - Concello de Vigo
45226-220

Data impresión: 02/10/2024 12:45 Páxina 4 de 28
CSV: ADAB5E-EBB5EA-55B7B4-B3ZDMF-4A6C1Z-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 45226/220

incremento mediante Acuerdo del Consejo de Ministros, que se publicará en el BOE.

b) Incremento vinculado a la evolución del Producto Interior Bruto (PIB) nominal en el año 2023. Si el incremento del PIB nominal igualase o superase el estimado por el Gobierno en el cuadro macroeconómico que acompaña a la elaboración de la presente ley de Presupuestos, se aplicará un aumento retributivo complementario del 0,5 por ciento.

A estos efectos, una vez publicados por el INE los datos de avance del PIB de 2023, se aprobará la aplicación de este incremento mediante Acuerdo del Consejo de Ministros, que se publicará en el BOE.”

En nota aclaratoria asinada 22/07/2024 polo Director superior contable e orzamentación (trámite 20 do expediente) acláranse os criterios para a formación da seguridade social, que en resumo, se concretan en aplicar un coeficiente redutor por absentismo a totalidade da plantilla no custo da seguridade social dun 6,98 % .

En canto ao incremento en retribucións do persoal sobre as de 2025, e tal e como indica o mesmo informe citado da Dirección Superior Contable, os Orzamentos incluírán unha subida das retribucións públicas do 2,5%. Ademais, esta subida poderase incrementar até nun punto adicional en función de variables vinculadas ao IPC e ao PIB nominal. En concreto, se a suma do IPC Harmonizado de 2022 e do IPC Harmonizado adiantado de setembro de 2023 supera o 6%, os salarios públicos subirán un 0,5% de maneira adicional. A segunda variable contempla unha subida de 0,5 puntos adicionais se o PIB nominal iguala ou supera o estimado no cadro macroeconómico que acompaña aos Orzamentos Xerais do Estado.

Sínálase no devandito informe que *“Como a primeira variable vaise cumprir, hai que ter en conta que a base de cálculo para o ano 2024, deberá ter en conta, que os salarios do ano 2023, subiron en relación co ano 2022, un 3%, no un 2,5%, en consecuencia, o 2,5% non será aplicable ao 2,5% do ano 2023, senón ao 3%. Partindo que o escrito enviado previa unha revisión do 2,5%, dondo o 2% é fixo, e o 0,5% está suxeito a condición, agora hai que incluír os atrasos pola nova porcentaxe, en consecuencia, nun correo do 14/09, enviouse por correo electrónico o criterio de revisión para o ano 2024, nun 3,01%, no que está incluído o 0,5% da Lei 31/2022 e o 0,5% da porcentaxe suxeita a condición para o ano 2024.”*

Cálculo final seguindo as instrucións Tesoureiro e Responsable Superior Contable e Orzamentación:

Si a la base 100 lle aplicamos o 0,5% = 100,5

Si a esta base lle aplicamos o 2%, nos dá 102,51

Polo tanto entre a base 100 e 102,51, a variación porcentual é de 2,51% que será a que se terá en conta para os cálculos.

- INCLUSIÓN DAS BAIXAS POR XUBILACIÓN PREVISTAS E CONFIRMADAS ATA O 31/12/2025.

Con respecto as baixas por xubilación previstas e confirmadas ata o 31/12/2024, inclúense

Mesa Xeral de Negociación-Sesión extraordinaria 25/09/2024-Expte. 45226/220



Copia do documento - Concello de Vigo
45226-220

Data impresión: 02/10/2024 12:45 | Páxina 5 de 28
CSV: ADAB5E-EBB5EA-55B7B4-B3ZDMF-4A6C1Z-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 45226/220

como vacantes no orzamento 2025:

N.P.	DATA	Servizo	Posto	Praza
14893	01/10/24	EXTINCIÓN DE INCENDIOS	OFICIAL SERVIZOS INTERNOS SEIS	OFICIAL MERCADOS
15071	26/10/24	MUSEOS	ADMINISTRATIVA	ADMINISTRATIVA
21048	11/11/24	POLICIA	INSPECTOR UNID. MOBILID. E TRANSPORTES	INSPECTOR
18247	22/12/24	POLICIA	AXENT. MOBILID. E TRANSPORTES	POLICÍA
21031	25/12/24	POLICIA	OFICIAL MOBILID. E TRANSPORTES	OFICIAL

En relación coa inclusión das prazas da OEP de Estabilización do emprego temporal do Concello de Vigo aprobada pola Xunta de Goberno Local en data 31 de maio do 2022 (expediente nº 39.998/220), a creación e amortización de prazas e postos asociados en relación con dita OEP, xa figuran na aprobación dos orzamentos 2023 e na RPT 2023.

-CREACIÓN / TRANSFORMACIÓN DE PRAZAS SOLICITADAS POLOS DISTINTOS SERVIZOS DO CONCELLO DE VIGO

Dentro da documentación obrante no expediente administrativo 44929-220, do Anteproxecto do Capítulo 1 de Gastos dos orzamentos municipais 2025, e sen prexuízo do resultado dos traballos realizados no marco de execución do contrato de servizos de asistencia técnica especializada para a análise e valoración de postos de traballo (apt e vpt); avaliación de suficiencia dotacional e análise de estruturas organizativas e funcionais do Concello de Vigo (expediente 43010/220), constan incorporados:

-Documento 240163431: Proposta presentada polo sindicato CIG:

- Creación de 15 prazas novas de Conductor-Bombeiro, para dar cumprimento ás previsións legais e regulamentarias sobre a prestación deste servizo, organización e estrutura.
- Creación de 6 prazas novas de Traballador/a Social, para dar cumprimento ás previsións legais e regulamentarias sobre a prestación deste servizo, organización e estrutura.
- 2.- Transformación de prazas:
 - Transformación de 7 prazas/postos de Axudante de Oficios en 7 prazas/postos de
 - Oficiais de instalacións municipais para o servizo de Educación, de cara a corrixir o desfase de categorías existente e cubrir as necesidades reais deste servizo.
 - Transformación de 2 prazas/postos de Axudante de Oficios en 2 prazas/postos de Oficiais de Instalacións deportivas para o servizo de Deportes, de cara a corrixir o desfase de categorías existente e cubrir as necesidades reais deste servizo.
 - Transformación 1 praza/posto de Administrativo laboral (IMD) en 1 praza/posto de Administrativo funcionario, pendente da OEP 2023.
 - Transformar 2 prazas/postos de Auxiliar Administrativo laboral en 2 prazas/postos Auxiliar Administrativo funcionario pendente da OEP 2023.
 - Transformar 1 praza/posto de Auxiliar de Servizos Internos funcionario en 1 praza/posto de Auxiliar Administrativo funcionario pendente OEP 2023.
 - Transformar 1 praza/posto de Oficial de Mercados laboral en 1 praza/posto de Oficial Instalacións laboral (Educación) costa OEP 2023.

Mesa Xeral de Negociación-Sesión extraordinaria 25/09/2024-Expte. 45226/220



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/10/2024 12:45	Páxina 6 de 28
45226-220	CSV: ADAB5E-EBB5EA-55B7B4-B3ZDMF-4A6C1Z-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 45226/220

- Transformar 1 praza/posto de Técnico Medio de Laboratorio en 1 Prazo/posto de Técnico Medio de Medio Ambiente pendente OEP 2023.- Cambiar a denominación do posto de oficial de instalacións municipais para distinguilos do posto de oficial de instalacións deportivas IMD, tal como suxire a presidencia na Mesa de Negociación da OEP 2023.

-Documento 240244841: Solicitud presentada Concellería de Igualdade e Comercio:

- Creación de (1) Diplomada en Traballo Social para o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller (Servizo de Igualdade).

-Documento 240264488: Solicitud presentada pola Concellería da Área de Orzamentos e Facenda:

- *Creación (1) praza de A1, grao de Dereito ou Economista no Servizo de Recadación.

-Consideramos como dotación máis procedente á vista das características da solicitude, a creación de praza de técnico/a administración xeral rama económica.

- *Creación (1) Técnico de sistemas, A1 no Servizo de Administración Electrónica, que se adscribirá ao servizo de Contabilidade.

-Con respecto a esta praza enténdese procedente a necesidade de solicitar informe ao respecto ao xefe de Administración electrónico, con carácter previo á negociación colectiva.

-Por outro lado, para dar cumprimento ao acordado pola Xunta de Goberno Local no seu acordo de data 06/09/2024, de aprobación definitiva da Relación de Postos de Traballo 2024(RPT), procede crea (1) praza de auxiliar de administración xeral en Asesoría Xurídica.

-Documento 240278334 : Dilixencia da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación sobre necesidades de racionalización da estrutura detectadas na Área:

"(...)No marco dos traballos técnicos a realizar, deberá avaliarse en estritos termos de cuantificación económica -é dicir, deberá incorporarse a cuantificación económica- da revisión da única praza vacante existente actualmente na Área coa categoría de auxiliar de administración xeral, racionalizando a mesma en termos de eficiencia na prestación do servizo público, considerando ao efecto as previsións contidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, en forma que permita dispoñer de dotacións asignadas a perfís tramitadores con plena operatividade.

A tales efectos, lémbrese que a realización de tarefas administrativas, normalmente de trámite e colaboración, están normativamente atribuídas á categoría profesional de administrativos/as de

Mesa Xeral de Negociación-Sesión extraordinaria 25/09/2024-Expte. 45226/220



Copia do documento - Concello de Vigo
45226-220

Data impresión: 02/10/2024 12:45 Páxina 7 de 28
CSV: ADAB5E-EBB5EA-55B7B4-B3ZDMF-4A6C1Z-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 45226/220

Admón. Xeral das Corporacións Locais, segundo o contemplado no art. 169,1, letra c) do Real Decreto 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local).

-DOTACIÓNS SUSCEPTIBLES DE TRANSFORMAR DE RÉXIME LABORAL A FUNCIONARIO.

Sen prexuízo do resultado dos traballos realizados no marco de execución do contrato de servizos de asistencia técnica especializada para a análise e valoración de postos de traballo (apt e vpt); avaliación de suficiencia dotacional e análise de estruturas organizativas e funcionais do Concello de Vigo (expediente 43010/220), relaciónanse a continuación as dotacións susceptibles de transformar de réxime laboral a funcionario por atoparse actualmente vacantes:

ADMINISTRATIVO/A REX. LABORAL-IMD

DEPORTES

ADMINISTRATIVO/A REX.LABORAL-IMD

AUXILIAR ADMINISTRATIVO

RECADACIÓN VOLUNTARIA

AUXILIAR ATENCIÓN VENTANILLA

AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A

TALLER VIAS E OBRAS

AUXILIAR ADMINISTRATIVO

CUSTO APROXIMADO DE CADA UNHA DAS PRAZAS PROPOSTAS (SEGURIDADE SOCIAL INCLÚIDA) :

-Conductor bombeiros / bombeiro (por praza): 54.846 euros.

-Diplomadas Traballo Social (A2) (por praza): 56.495 euros

- Grao Dereito /Económicas (TAX económico): 56.495 euros

-Técnico de Sistemas A1: 56.495 euros

- Auxiliar administración xeral: 35.522,48 euros

-Diferencia económica da racionalización da dotación auxiliar de administración xeral existente en RRHH e Formación e creación de dotación de administrativo administración xeral: 4.399,34 euros.

Do que se dá traslado para a súa análise polo órgano competente.

Unha vez que se trasladan as anteriores peticións, realízase a seguinte Instrución por parte Concelleira da Área de data 17/09/2024, para incluír no anteproxecto de capítulo I de gastos do orzamento 2024 as seguintes:

INSTRUCCIÓN DE DOTACIÓNS EN PLANTILLA ORZAMENTARIA A CONTEMPLAR NO ANTEPROXECTO DO CAPÍTULO I DOS ORZAMENTOS 2025

“Á vista do escrito redactado polo grupo de traballo do Anteproxecto do Capítulo 1 de gastos dos orzamentos municipais 2025, sobre peticións e propostas de dotacións a contemplar en plantilla e a súa cuantificación económica aproximada (incorporado no trámite 30 do expediente), para o suposto de que normativa e/ou orzamentariamente sexa posible, tendo en conta as necesidades manifestadas polas distintas Áreas de Goberno, e principalmente das necesidades do servizo de Prevención e Extinción de Incendios postas de manifesto nos distintos informes obrantes nos expedientes 43578-220 e 44930-220, como servizo de emerxencias, e da necesidade de reforzo na prestación dos Servizos Sociais manifestada pola Área de Benestar Social, na prioridade da atención a persoas en risco de exclusión

Mesa Xeral de Negociación-Sesión extraordinaria 25/09/2024-Expte. 45226/220



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 02/10/2024 12:45

Páxina 8 de 28

45226-220

CSV: ADAB5E-EBB5EA-55B7B4-B3ZDMF-4A6C1Z-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 45226/220

social sen prexuízo do resultado dos traballos realizados no marco de execución do contrato de servizos de asistencia técnica especializada para a análise e valoración de postos de traballo (apt e vpt); avaliación de suficiencia dotacional e análise de estruturas organizativas e funcionais do Concello de Vigo (expediente 43010/220), procédase a creación para a súa inclusión en plantilla das seguintes prazas:

-SERVIZO DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS (SPEIS):

-2 novas prazas de sarxentos

-2 de cabo

-1 Suboficial

-4 Bombeiros

-2 Condutores bombeiros.

-BENESTAR SOCIAL

-2 Diplomadas en Traballo Social

-ÁREA DE ORZAMENTOS E FACENDA

-(1) Técnico de administración xeral, rama económica (A1).

-ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

-(1) *Técnico de sistemas, A1 no Servizo de Administración Electrónica, que se adscribirá ao servizo de Contabilidade.

Deberá en todo caso, e con carácter previo á negociación, solicitarase informe ao respecto ao xefe de Administración electrónica.

-Igualdade e Comercio:

-(1) Diplomada en Traballo Social para o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller (Servizo de Igualdade).

-Asesoría Xurídica

-Para dar cumprimento ao acordado pola Xunta de Goberno Local no seu acordo de data 06/09/2024, de aprobación definitiva da Relación de Postos de Traballo 2024 (RPT), procede crear (1) praza de auxiliar de administración xeral en Asesoría Xurídica.

AMORTIZACIÓN /CREACIÓN /TRANSFORMACIÓN DOTACIÓNS DE LABORAL A FUNCIONARIO

-Amortización de (1) praza de auxiliar administración xeral de RRHH e Formación e creación de (1) praza de administrativo administración xeral.

Mesa Xeral de Negociación-Sesión extraordinaria 25/09/2024-Expte. 45226/220



Copia do documento - Concello de Vigo
45226-220

Data impresión: 02/10/2024 12:45 Páxina 9 de 28
CSV: ADAB5E-EBB5EA-55B7B4-B3ZDMF-4A6C1Z-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 45226/220

-Amortización de (1) praza oficial almaceneiro, de réxime laboral, (posto auxiliar técnico/a contratación) e creación de (1) praza de auxiliar administración xeral, réxime funcionario na Área de Réxime Interior.

-Transformar as seguintes dotacións de laboral a réxime funcionario:

ADMINISTRATIVO/A REX. LABORAL-IMD

DEPORTES
RECADACIÓN
VOLUNTARIA

ADMINISTRATIVO/A REX.LABORAL-IMD

AUXILIAR ADMINISTRATIVO

AUXILIAR ATENCIÓN PÚBLICO VENTANILLAS

AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A

TALLER VÍAS E OBRAS AUXILIAR ADMINISTRATIVO

Do que se dá traslado para a súa inclusión nos traballos do Anteproxecto do Capítulo 1 de gastos dos orzamentos municipais para o exercicio 2025."

-INCIDENCIA DA APROBACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO 2024

O artigo 38.3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG), dispón que os orzamentos reflectirán os créditos correspondentes ás relacións de posto de traballo (RPT), sen que poidan existir ningún posto que non estea dotado orzamentariamente.

A aprobación da RPT, que corresponde a Xunta de Goberno Local, constitúe unha manifestación da potestade autoorganizativa da Administración Local recollida no artigo 4.1 da LRBRL que se ben ten un marcado carácter discrecional, deberá en todo caso exercerse dentro do respecto aos principios de legalidade e de prohibición da arbitrariedade que debe rexer toda actuación administrativa e de goberno municipal (artigos 9.1 e 103.1 da Constitución Española de 1978) e, polo tanto, co obrigado cumprimento dos requisitos e límites recollidos na normativa vixente que resulte de aplicación, tanto de natureza material ou substantiva como no tocante ao procedemento de aprobación.

Neste senso a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia(TSXG), do 18 de abril de 2012: "(...), en cada *Relación de Puestos de Trabajo* se determina el perfil objetivo de cada puesto con sus principales características y forma de provisión, y ello atendiendo al programa elaborado por la Administración para el desarrollo de cada servicio público, en que confluyen las facultades discrecionales de organización que corresponden a la misma. En efecto, corresponde a la Administración tomar la iniciativa de la elección entre las diversas opciones razonables en presencia en cada supuesto, por ser competencia de quien gobierna..."

A Xunta de Goberno Local, na sesión do 06/09/2024, expediente 43933-220 acordou a aprobación definitiva da relación de postos de traballo (RPT) 2024 do Concello de Vigo.

Dentro do apartado Quinto do citado acordo, recóllese expresamente:

"Remitir copia do presente acordo á Dirección Superior Contable e Orzamentaria para o axuste que proceda dende o punto de vista orzamentario, conforme ao disposto nas consideracións xurídicas do presente acordo, e dado que o vixente instrumento constituirá a memoria organizativa básica para a elaboración do Capítulo I de gastos dos Orzamentos Xerais para o ano 2025."

Polo tanto, o citado documento constitúe a memoria organizativa e a fonte de datos na elaboración dos traballos do presente anteproxecto do capítulo 1 de gastos dos orzamentos

Mesa Xeral de Negociación-Sesión extraordinaria 25/09/2024-Expte. 45226/220



Copia do documento - Concello de Vigo
45226-220

Data impresión: 02/10/2024 12:45 Páxina 10 de 28
CSV: ADAB5E-EBB5EA-55B7B4-B3ZDMF-4A6C1Z-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
Expte. 45226/220
municipais 2025.

RESULTADO DOS DATOS OBTIDOS DAS ANTERIORES ACTUACIÓNS

Coa realización das anteriores actualizacións na simulación orzamentaria, realízase o cálculo dos custes das retribucións do persoal municipal, segundo as indicacións da Dirección Superior Contable, obténdose os seguintes importes:

-No referido ás retribucións de persoal:

No documento consígnase unha contía global de 73.219.312,12 €, abrangendo a mesma as retribucións básicas dos funcionarios (soldo base en 14 pagas e antigüidade) e complementarias (complemento de destino, complemento específico) e persoal laboral así como as dotacións orzamentarias consignadas para o persoal eventual –cuxo número é réxime corresponde determinar á Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1. h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, nos termos e condicións da configuración efectuada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local- que debe axustarse en todo caso aos límites no incremento das retribucións do persoal ao servizo do sector público:

	RETRIBUCIÓNS PERSOAL	
Funcionarios	Básicas + antigüidade + CE+CD+ Seguridade Social	59.235.626,36 €
Laborais	Básicas + antigüidade + CE+CD+ Seguridade Social	13.056.691,42 €
Eventuais	Básicas+ Seguridade Social	926.994,34 €
	Total	73.219.312,12 €

-En canto as retribucións da Corporación Municipal:

912.0.100.00.00	Corporación	Básicas + Antig.	919.364,86 €
-----------------	-------------	------------------	--------------

-OBSERVACIÓNS DOS CRÉDITOS INICIAIS CAPITULO I E ESTADO DE EXECUCIÓN DE GASTOS DO EXERCICIO 2024

A determinación dos importes das aplicacións non correspondentes a retribucións fixas e periódicas que se integran no Capítulo 1 de gastos é a seguinte:

- 1.-Aplicación 221.0.162.04.00 “Fondo social” dotada dun crédito inicial de 480000,00€, manténdose o crédito do orzamento 2024.
- 2.- No anteproxecto de orzamento 2025, o crédito inicial da partida 920.0.150.0000 “Produtividade” establécese nun importe de 160.000,00 €. Con cargo a dita partida estímase un gasto polo aboamento dos complementos de produtividade contemplados nas instrucións de plantilla, manténdose o mesmo importe que o aprobado no orzamento do ano 2024.

Mesa Xeral de Negociación-Sesión extraordinaria 25/09/2024-Expte. 45226/220



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/10/2024 12:45	Páxina 11 de 28
45226-220	CSV: ADAB5E-EBB5EA-55B7B4-B3ZDMF-4A6C1Z-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 45226/220

No vixente orzamento (exercicio 2024) o crédito inicial da aplicación 920.0.1500000 **Produtividade**, conta cun crédito inicial de 160.000,00€, sendo o saldo, a data 02/09/2024 de 6544,58€.

Polo tanto, deberase ter en conta a necesidade de posible realización de trasferencias de créditos non consumidos dos postos vacantes existentes, de se-lo caso.

3.- A Aplicación 132.0.1500000.- **“Produtividade Servizo Policía Local”** contou cun crédito inicial da partida no ano 2024 por importe de 240.000,00 €. A mesma deberase imputar o gasto ocasionado polo complemento de produtividade a aboar en concepto de programa de dispoñibilidade ao persoal do Corpo. No presente ano, realizáronse modificacións de crédito por importe de 933.160,81€, sendo o saldo a data 02/09/2024 e 54.752,29€

Para o orzamento 2025 propónse manter o crédito aprobado no orzamento 2024, debendo considerarse os posibles incrementos a realizar nesta aplicación orzamentaria mediante as correspondentes modificacións de crédito. Ditos créditos mensuais non consumidos correspondentes aos postos vacantes do programa 132.0.

4.- Na Aplicación 136.0.1500000.- **“Produtividade Servizo Extinción Incendios”**, establece un crédito inicial establecido en 20.000,00€, igual cantidade que no orzamento 2024, no que, a data 02/09/2024 realizouse modificación de crédito por importe de 1000,00€, sendo o saldo a data 02/09/2024 de 246,51€, ao terse aboado a execución obrigatoria das diversas sentenzas, nas que se declara o dereito dos demandantes a percepción das diferenzas retributivas pola realización de funcións dun posto superior por substitución.

No caso de estimarse a necesidade de aprobación dalgún expediente de complemento de produtividade para o persoal deste Servizo que supere o crédito inicial desta aplicación orzamentaria, estará supeditado a existencia de crédito non consumido dos postos vacantes do programa 136.0 que permita realizar a pertinente modificación de crédito.

5.- Na Aplicación 920.0.151.00.00.- **“Gratificacións Servizos Municipais”** o crédito inicial proposto para dita partida no anteproxecto de Capítulo I de gastos do Orzamento 2025 é de 150.000,00€, debéndose prever, como nos anteriores apartados, a realización das pertinentes modificacións de créditos non consumidos da totalidade dos postos vacantes, excepto as dos programas 132.0 e 136.0, estando supeditado o aboamento de gratificacións aos créditos existentes en cada momento.

Dita aplicación no vixente orzamento a data 02/09/2024 conta cun saldo de 78.565,93 €, téndose realizado modificacións de crédito por importe de 151.604,34 €.

6.- Con cargo a aplicación 132.0.151.00.00.- **“Gratificacións Corpo Policía Local,”** cun crédito inicial proposto de 50.000,00 € igual ao do ano 2024, imputárase o gastos en concepto de gratificacións do persoal do programa 132.0. No caso de ser insuficientes realizaranse as modificacións orzamentarias pertinentes con créditos non consumidos dos postos vacantes neste programa orzamentario.

Sínálase que por resolución da concelleira delegada competente de data 29/05/2024, acordouse incoación de expediente administrativo para a revisión da fórmula de cálculo das gratificacións por servizos extraordinarios realizados fóra da xornada laboral ordinaria, estando a tramitar en Expte 44575-220.

Mesa Xeral de Negociación-Sesión extraordinaria 25/09/2024-Expte. 45226/220



Copia do documento - Concello de Vigo
45226-220

Data impresión: 02/10/2024 12:45 Páxina 12 de 28
CSV: ADAB5E-EBB5EA-55B7B4-B3ZDMF-4A6C1Z-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 45226/220

Dita revisión da formula de calculo supón a revisión do “Acordo regulador de condicións económicas e sociais dos funcionarios do Concello de Vigo” (Disposición Transitoria Sétima, regra terceira, segundo parágrafo), así como o texto do “Convenio colectivo dos empregados integrados no cadro de persoal do Concello de Vigo” (Disposición Transitoria Sexta, regra terceira, segundo parágrafo), resultando o cálculo de dividir o importe anual total de retribucións, entre as horas realizadas anualmente (1642, actualmente).

A aprobación e determinación da data de entrada en vigor do novo sistema de calculo poderá supor un incremento no gasto previsto, no caso de ter que ser aboados atrasos por este concepto, non debendo esquecer a limitación do crédito nas correspondentes aplicacións orzamentarias conforme ao disposto no artigo 6 do RDRFAL e respecto do persoal funcionario a limitación global aos créditos por gratificacións extraordinarias establecido no art. 7 do citado Real Decreto.

7.- O crédito inicial proposto para aplicación 136.0.151.00.00.- **“Reforzos e outras gratificacións Servizo Extinción Incendios”** no anteproxecto de Capitulo I de gastos do Orzamento 2025 é de 190.000,00€, manténdose o crédito inicial aprobado para o ano 2024.

Con cargo a dita partida imputarase o gastos en concepto de gratificacións do persoal do programa 136.0. O saldo a data 02/09/2024 é de 168102,44€, estandose a tramitar modificación de crédito por importe de 225.719,70 € para a realización de servizos extraordinarios en exceso de xornada”, a realizar polo persoal do servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, nos termos do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 09/08/2024.

É necesario recoller no presente informe a aprobación pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data **9 de agosto de 2024**, do *“Acordo Marco do programa para a realización dos servizos extraordinarios fora da xornada laboral ordinaria do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento (SPEIS) retribuíbles mediante gratificacións”* A autorización para o trimestre setembro-novembro 2024 vén a supoñer un gasto estimado de **312.938,22€**

Deste xeito, considérase imprescindible realizar as modificacións orzamentarias pertinentes con créditos non consumidos dos postos vacantes neste programa orzamentario, estando a execución do Programa determinada polas necesidades do servizo debidamente xustificadas e sempre condicionadas á dispoñibilidade orzamentaria.

En canto ás contías máximas do gasto imputable aos concepto de produtividade e gratificacións estarase ao disposto nas Bases de Execución do Orzamento que se aproben para o ano 2025, segundo os porcentaxes dispostos no Real Decreto 861/1986, polo que deberán adoptarse as medidas oportunas para que o gasto anual nas devanditas partidas non superen os límites fixados.

8.- Aínda que o persoal indefinido por sentenza se inclúe no Plan de Estabilización do Emprego Temporal, orzamentáanse os importes correspondentes a antigüidade do persoal actual na aplicación 92001430001 **“Persoal indefinido por sentenza.”** Para o aboamento das retribucións de dito persoal, no caso de non estar rematada a execución da correspondente OEP na entrada en vigor do orzamento para 2025, deberanse realizar as

Mesa Xeral de Negociación-Sesión extraordinaria 25/09/2024-Expte. 45226/220



Copia do documento - Concello de Vigo
45226-220

Data impresión: 02/10/2024 12:45 Páxina 13 de 28
CSV: ADAB5E-EBB5EA-55B7B4-B3ZDMF-4A6C1Z-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 45226/220

correspondentes modificacións orzamentarias cos créditos non consumidos correspondentes aos mesmos.

9.- Nas indicacións sobre custes de persoal no orzamento do ano 2025 asinado pola Tesoureira e Responsable Superior Contable e Orzamentación e conformado polo Concelleiro Delegado da Área en data 05/07/2024 sinálase que a dotación para contratos sen praza, aplicación 9200.1400000, non poderá ter unha dotación superior a prevista inicialmente para o ano 2024.

O crédito xa aprobado e comprometido para o exercicio 2025 (AFUTS), segundo os datos obrantes no programa informático de contabilidade de 49.607,29 €. A mais propónse a dotación dun crédito inicial de 500.000€ para execución daqueles nomeamentos interinos por acumulación de tarefas ou programas que sexa imprescindible realizar no vindeiro exercicio económico.

10.- O crédito inicial da aplicación 221,0,127,0000 “**Plan de Pensións**” (Disp. Transitoria 6ª acordo regulador) calcúlase supoñendo que o plan o subscriba un máximo de 680 traballadores/as ao tope máximo de achega municipal, en 14 mensualidades, manténdose a mesma cantidade que a aprobada para o ano 2024.

11.- Con respecto ao **concepto 160** incrementáanse os topes máximos contemplados no orzamento do ano 2024 nun 2%, segundo as indicacións da Dirección Superior Contable e Orzamentaria coa realización de axustes respecto das porcentaxes de cotización das vacantes existentes, excluindo no custe a porcentaxe correspondente ao Fondo de Desemprego.

Respecto das aplicacións orzamentarias destinadas ao aboamento das cotas empresariais da **Seguridade Social a cargo da empresa**, cun crédito inicial fixado na cantidade de 17.660.453,49€ que recolle o custo dos seguros sociais dos postos da vixente R.P.T, do Plan de Emprego Municipal, así como a dos membros da corporación con dedicación exclusiva e parcial, faise constar que a mesma recolle o custe das cotizacións dos empregados polas súas retribucións fixas (saldo inicial e antigüidade e o importe do complemento de destino e específico) segundo as indicacións da Dirección Superior Contable data 22/07/2024, así como a achega municipal ao plan de pensións, descoñecendo neste intre as posibles variacións que se podan incluír na Lei de Orzamentos xerais do Estado para o vindeiro ano.

Aplicase un coeficiente corrector do 6,98%, segundo indicacións e xustificación recollida no informe do Tesoureira e Responsable Superior Contable e Orzamentación de data 22/07/2024.

Haberá que ter en conta que o vindeiro 01/01/2025 entrará en vigor o artigo 19 bis do RDL 8/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da seguridade social en relación coa cotización adicional de solidariedade (conforme ao artigo único 2. do RDL 2/2023, do 16 de marzo).

Calquera outra retribución devengada (gratificacións, produtividade, nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, etc) terá a súa repercusión na súa base de cotización e conseguintemente no custe de seguridade social.

12.- Inclúese a aplicación orzamentaria 92001210300 “Creación Fondo de Adecuación Postos”, cun crédito inicial de 50000,00€

Mesa Xeral de Negociación-Sesión extraordinaria 25/09/2024-Expte. 45226/220



Copia do documento - Concello de Vigo

45226-220

Data impresión: 02/10/2024 12:45

Páxina 14 de 28

CSV: ADAB5E-EBB5EA-55B7B4-B3ZDMF-4A6C1Z-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
Expte. 45226/220

A documentación que se remite, reflicte os cambios producidos ata a data deste informe.

De acordo coas instrucións do Tesoureiro e Responsable Superior Contable e Orzamentación incorporadas ao expediente, con posterioridade á mesma, aos efectos de manter a coherencia técnica e orzamentaria entre os acordos e o proxecto orzamentario, **deberá evitarse a tramitación de expedientes que alteren a funcionalidade do gasto**, xa que o Orzamento que se tramite e aprobe, deberá dar resposta técnica e orzamentaria aos devengos que xere a carga da nómina do mes de xaneiro do ano 2023, en consecuencia, os cambios de postos dun programa orzamentario a outro, unha vez que se formen os datos para o Orzamento 2024, deberán diferirse ao ano seguinte. Se o acordo se adopta no ano 2023, a súa eficacia deberá quedar diferida, polo que os acordos deberán conter esta condición explícita así como a realización da correspondente modificación orzamentaria.

-ANTEPROXECTO CAPÍTULO I ORZAMENTOS 2025

O Capítulo I de Gastos previsto para o vindeiro exercicio 2025, ascende a un total de **79.179.746,16 €**.

Deste xeito, o anteproxecto do Capítulo I de orzamentos para o ano 2025 quedaría conformado cos seguintes datos:

RETRIBUCIÓN PERSOAL			Importe	Total
120	Funcionarios	Básicas	13.732.330,18 €	
120		Antigüidade	2.430.195,50 €	
121		CD	8.892.668,26 €	
121		CE	20.604.331,30 €	
130	Persoal Laboral	Básicas	3.373.030,48 €	
		Antigüidade	486.754,16 €	
		CD	2.020.824,96 €	
		CE	4.031.693,26 €	
912.0.110.00.00	Eventuais	Básicas	716.954,42 €	
912.0.100.00.00	Corporación	Básicas + Anti	919.364,86 €	
920.0.143.00.01	Persoal indefinido por sentenza	(Antigüidade)	116.098,16 €	
			Subtotal	57.324.245,54 €
SEGURIDADE SOCIAL			Importe	Total
160	Funcionarios		13.576.101,12 €	
	Persoal Laboral		3.144.388,56 €	
	Eventuais		210.039,92 €	
	Corporación		246.522,00 €	

Mesa Xeral de Negociación-Sesión extraordinaria 25/09/2024-Expte. 45226/220



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/10/2024 12:45	Páxina 15 de 28
45226-220	CSV: ADAB5E-EBB5EA-55B7B4-B3ZDMF-4A6C1Z-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Expte. 45226/220

	Sentencias		0,00 €	
	Plan de Empleo		300.000,00 €	
	Interinaxes sen praza		182.401,89 €	
	Axustes		1.000,00 €	
			Subtotal	17.660.453,49 €
PRODUTIVIDADE E GRATIFICACIÓNS			Importe	Total
920.0.150.00.00	Produtividade Servizos Municipais		160.000,00 €	
132.0.150.00.00	Produtividade Servizo Policía Local		240.000,00 €	
136.0.150.00.00	Produtividade Servizo S.E.I.S.		20.000,00 €	
920.0.151.00.00	Gratificacións Servizos Municipais		150.000,00 €	
132.0.151.00.00	Gratificacións Servizo Policía Local		50.000,00 €	
136.0.151.00.00	Reforzos e outras gratificacións		190.000,00 €	
			Subtotal	810.000,00 €
OUTROS CONCEPTOS CAP I			Importe	Total
221.0.161.03.02	Complemento de pensións por xubilacións		5.469,44 €	
920.0.141.01.00	Abono incapac. Temp. Duración tram. Invalidez		1.000,00 €	
221.0.161.04.00	Reserva para xubilación anticipada		1.000,00 €	
920.0.140.00.00	Outras mod.nomeamento persoal temporal non permanente (INTERINOS SIN PLAZA)		500.000,00 €	
241.0.131.00.00	Planes Empleo		1.210.000,00 €	
221.0.162.04.00	Fondo Social (ART. 30 Acordo Regulador)		480.000,00 €	
221.0.127.00.00	Plan de Pensións (Disp. Transitoria 6º acordo regulador)		545.781,60 €	
...162.00.00	Formación do persoal municipal		56.500,00 €	
221.0.162.05.00	Seguro Colectivo Vida E Accidentes		182.778,16 €	
920.0.162.04.00	Fins culturais/deportivos Art 34 convenio		6.010,12 €	
221.0.160.08.01	Asistencia médico sanitaria no extranxeiro		601,01 €	
221.0.162.05.01	Seguro vida accidentes persoal contratado		10.000,00 €	
920.0.162.05.01	Seguro accidentes vehículos municipais		1.803,04 €	
920.0.162.05.02	Seguro carnet conducir condutores		1.095,96 €	
920.0.141.00.00	Indemnizacións Por Sentencias Xudiciais Ou Resolucións Doutras Administracións		72.000,00 €	
221.0.160.08.00	Vixiancia saúde (P.R.L.) (Asistencia medica do persoal)		209.007,80 €	

Mesa Xeral de Negociación-Sesión extraordinaria 25/09/2024-Expte. 45226/220



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/10/2024 12:45	Páxina 16 de 28
45226-220	CSV: ADAB5E-EBB5EA-55B7B4-B3ZDMF-4A6C1Z-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Expte. 45226/220

136.0.160.08.00	Asistencia médica "mergullo" Servicio Extinción de Incendios		2.000,00 €	
1360 1210099	Aplicacion estudo SEIS		50.000,00 €	
920.0.1210300	Creacion Fondo de Adecuacion Postos		50.000,00 €	
			Subtotal	3.385.047,13 €
			TOTAL 2025	79.179.746,16 €

Da cuantificación económica exposta por partidas orzamentarias dos gastos de persoal previstos para o Capítulo I do orzamento de gastos para o exercicio económico 2025, resulta unha cantidade total de **79.179.746,16 €** fronte aos **76.830.624,23€** , do exercicio 2024.

En calquera caso, resulta de inexcusable cumprimento o previsto no marco normativo de aplicación en materia de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, aspecto este que deberá ser verificado durante a tramitación do proxecto de Orzamentos Municipais para o ano 2025.

-INTERINOS NOMEADOS DURANTE O EXERCICIO 2024

Tra-la aprobación da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público (LTEP), preténdese activar un conxunto de medidas encamiñadas a atallar a excesiva temporalidade nas administracións públicas, reforzando o carácter temporal da figura do persoal interino, delimitando o prazo máximo de duración da prestación de servizos, evitando un uso fraudulento desta figura.

Cómpre poñer de relevancia que durante o exercicio 2024 tivo lugar o nomeamento do persoal que superou os procesos selectivos executados conforme as Ofertas de emprego 2017-2018-2019 (tanto persoal funcionario como persoal laboral) conforme ás propostas de nomeamento acordadas polos distintos órganos de selección encargados de xulgar os procesos.

Polo tanto, a maioría dos nomeamentos realizados no citado exercicio, ata o momento, refírense principalmente a persoal funcionario de carreira e persoal laboral fixo procedente das mencionadas ofertas de emprego.

Sen prexuízo do anterior, conforme ao disposto nos distintos supostos previstos no artigo 10 do TREBEP, e de acordo cos datos dispoñibles no programa GINPIX, durante o que vai de exercicio 2024 (ata o 01/09/2024), constan nomeados un total de **22** como persoal interino:

- 2 con cargo a vacantes
- 1 por substitución transitoria da titular
- 19 por acumulación de tarefas

-CADRO DE PERSOAL OU PLANTILLA.

O cadro de persoal (ou plantilla), que figura entre a documentación técnica incorporada ao presente expediente, é unha manifestación da potestade de auto-organización das corporacións locais, recoñecida no artigo 4.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Mesa Xeral de Negociación-Sesión extraordinaria 25/09/2024-Expte. 45226/220



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/10/2024 12:45	Páxina 17 de 28
45226-220	CSV: ADAB5E-EBB5EA-55B7B4-B3ZDMF-4A6C1Z-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 45226/220

O cadro de persoal está ligado ao orzamento, vinculando as políticas de xestión de persoal da corporación e converténdose en un elemento imprescindible para dar cumprimento á legalidade orzamentaria, indicando os postos que poden cubrirse coas dotacións orzamentarias dispoñibles. Ao mesmo tempo configúrase tamén como un límite negativo, xa que non poden crearse, nin cubrirse, postos ou prazas que non estean dotadas orzamentariamente.

Deste xeito, o artigo 90 da citada LRBRL, dispón que lle corresponde a cada Corporación aprobar anualmente a través do Orzamento, a plantilla que deberá comprender todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual e deberá responder aos principios de racionalidade, economía, e eficiencia, e establecerse de acordo coa ordenación xeral da economía, sen que os gastos de persoal poidan sobrepasar os límites que se fixen con carácter xeral.

Á súa vez, o artigo 126 do RDLex. 781/86, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, establece que as plantillas deberán comprender todos os postos de traballo debidamente clasificados reservados a persoal funcionario, persoal laboral e eventual, aprobaranse anualmente con ocasión da aprobación do orzamento e responder aos principio do mencionado artigo 90 da LRBRL.

O RDLex 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido de Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, TREBEP, non recolle expresamente o concepto de plantilla ou cadro de persoal, aínda que no seu artigo 73.3 establece que os postos de traballo poderán agruparse en función das súas características para ordear a selección, a formación e mobilidade.

A plantilla ou a cadro de persoal orzamentario para o exercicio 2025 queda conformado con un total de 1421 prazas, das cales:

- 1077 prazas se corresponden a persoal funcionario de carreira.
- 324 prazas que se corresponden a persoal laboral.
- 20 prazas que se corresponden a persoal eventual.

Con todo exposto, emítese o presente informe aos efectos que procedan en relación co anteproxecto do Capítulo 1 dos Orzamentos Municipais para o ano 2025".

A Presidencia: Como vedes inclúese unha proposta de creación de prazas e a regularización de postos de réxime laboral.

Tamén se advertiron algunhas cuestións que quedaron atrás, como no caso dunha praza de subalterno da Área de Réxime Interior que tomou posesión no servizo de Benestar Social, esa praza vaise transferir definitivamente a Benestar Social. E unha petición de transformación da vacante de oficial de servizos internos a auxiliar administrativo, que non afectaría aos créditos, por ser similares.

Estas últimas non están no informe-proposta. Cando executamos a OPE 2017-18-19 unha das prazas da subalterno de Réxime Interior adscribiuse ao servizo de Benestar Social. O que se fai agora é regularizar esta situación. E a outra é unha petición do servizo de Benestar Social, que teñen unha praza vacante de oficial de servizos internos por xubilación

Mesa Xeral de Negociación-Sesión extraordinaria 25/09/2024-Expte. 45226/220



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/10/2024 12:45	Páxina 18 de 28
45226-220	CSV: ADAB5E-EBB5EA-55B7B4-B3ZDMF-4A6C1Z-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 45226/220

producida este ano, e solicitan a súa transformación a auxiliar administrativo/a, que implica o mesmo gasto.

Sr. Vas Costa (UXT): Na páxina 5 do informe-proposta, relativa á creación-transformación de prazas hai unha proposta da CIG e a continuación dos distintos servizos. Non entendemos porque hai unha proposta dun sindicato, neste caso de CIG.

Sr. Córdoba Ardao (CCOO): Compartimos a mesma dúbida, e queremos comentala. Os únicos momentos do procedemento nos que un sindicato pode realizar achegas á elaboración dun orzamento son dous: cando se celebra a Mesa de Negociación e durante o período de exposición pública. Non se pode admitir unha proposta extemporánea, neste caso presentada antes de tempo, e que se incorpora, rompendo o principio de igualdade de armas, nun expediente administrativo. O resto de sindicatos non presentamos propostas porque nos cinguimos ao principio de legalidade formal. Non se debe recoller nun informe técnico este tipo de propostas realizadas con anterioridade.

Sr. Igrexas Martínez (CIG): Por alusións, queremos recordar que na Mesa de Negociación do ano pasado, o que dixeron os técnicos/as foi que presentáramos as propostas antes do mes de setembro, a poder ser en maio. E así o fixemos. Sendo realistas non vimos negociar, están os números pechados.

A Presidencia: Discrepo, no sentido de que hoxe reunímonos precisamente para estudar o borrador das solicitudes realizadas polos servizos. Este informe recolle cuestións que xa negociamos previamente na Mesa, como a creación de prazas no servizo de Bombeiros ou de Benestar Social.

Entendo o que din o resto dos sindicatos, e corríxase como proceda no informe final.

Ás veces é difícil ter toda a información ordenada en Recursos Humanos, pola cantidade de comunicacións que se remiten. O título do documento de Benestar Social falaba da modificación da RPT e despois, dentro do documento, falaba de prazas. E iso pásanos tamén con algunha sección sindical e cos propios servizos municipais. Xa sei que é unha convocatoria extraordinaria, pero intentamos que houbera un mínimo tempo para que virades este informe e realizarades as vosas achegas sobre estes cambios.

Sr. Córdoba Ardao (CCOO): Entón estas dúas prazas de Benestar Social que comentas ¿son de nova creación?

A Presidencia: Unha é unha praza que xa existía na Área de Réxime Interior, e que se cambia definitivamente a Benestar Social.

Sr. Córdoba Ardao (CCOO): A confusión vén xerada polo propio informe de actuacións de determinación das prazas vacantes de diplomado/a en traballo social fábase de prazas e de postos, e que a RPT modifica prazas, e que se incorporan prazas á RPT. As RPT's non crean prazas, son postos de traballo.

A Presidencia: No último informe teñen que constar as prazas de nova creación e como tal constan as prazas de diplomados/as en traballo social e, a maiores, as que acabamos de comentar: a praza de oficial subalterno da Área de Réxime que tomou posesión e presta servizos en Benestar Social, posto que se regularizará na seguinte RPT, e a praza de auxiliar de servizos internos, que solicitan a súa transformación en auxiliar administrativo/a.

Mesa Xeral de Negociación-Sesión extraordinaria 25/09/2024-Expte. 45226/220



Copia do documento - Concello de Vigo

45226-220

Data impresión: 02/10/2024 12:45

Páxina 19 de 28

CSV: ADAB5E-EBB5EA-55B7B4-B3ZDMF-4A6C1Z-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 45226/220

Sr. Vas Costa (UXT): O compromiso da Mesa anterior era crear dúas prazas por ano, ata as oito prazas ao final do mandato para cumprir a ratio.

A Presidencia: Si, serían as dúas prazas de diplomado/a social.

No expediente hai unha instrución das concelleiras onde se pide precisamente que se recollan os antecedentes e acordos relativos ao servizo de Bombeiros e de Benestar Social, que é o que leva á creación destas dúas prazas de traballador/a social e a once prazas no servizo de Bombeiros.

Sr. Vas Costa (UXT): Habería que crear dúas prazas máis de diplomado/a en traballo social, para cumprir o acordo de crear oito prazas novas ao final do mandato.

A Presidencia: Podemos revisar se hai algunha praza máis susceptible de transformar e crear unha máis.

Sr. García Álvarez (tesoureiro): Este ano xa se están incluíndo recursos para once prazas do servizo de Extinción de Incendios. Seguramente o ano que vén e o seguinte poderán entrar máis prazas de Benestar Social e reducir a creación de prazas noutros servizos. Hai que buscar un equilibrio cos recursos dos que dispoñemos.

Sr. Pena González (SICO): No servizo de Benestar Social temos unha prioridade moi grande e este ano, como mínimo, deberíanse crear catro prazas. É unha necesidade imperiosa, nun servizo que ten unhas características moi complicadas.

Sr. Córdoba Ardao (CCOO): Hai que partir dunha realidade, e é que o Parlamento autonómico cada vez atribúe máis competencias ás entidades locais, incumprindo a normativa da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local. Durante estes anos o servizo de Benestar Social foi multiplicando sistematicamente a súa carteira de prestacións, ano tras ano. Por eso, a Lei de orzamentos xerais de 2023 exceptúa dentro da taxa de efectivos, con carácter xeral, *“as prazas necesarias para a posta en marcha e funcionamento de novos servizos cuxo establecemento veña imposto en virtude dunha norma estatal, autonómica ou local”*.

Pódese facer un informe con toda a cantidade de servizos que están asumindo as traballadoras sociais nos últimos anos, dende o ano 2012.

A Presidencia: A Xunta de Galicia en principio financia cada ano un número de prazas. ¿Eses créditos cando se xeran?

Sr. García Álvarez (tesoureiro): A Lei de dependencia contempla varios casos. Por exemplo, para o servizo de axuda no fogar a Xunta de Galicia paga 12,05 € por cada usuario/a e o novo contrato está calculado para 22€, asumindo o Concello sobre o 40%-45%. O contrato costa moito máis do que financia a Xunta, que nos ingresará por ese concepto oito millóns seiscientos mil euros, e o contrato costa entre catorce e quince millóns de euros. É un problema porque non cubre nin o servizo básico.

Sr. Pena González (SICO): A necesidade real é que hai un servizo que está carente de persoal, e que necesita persoal urxente. Non estamos subsanando este problema. Crear tres prazas non vai solucionar o problema. É un servizo que está en precario. Se outros servizos teñen que esperar que esperen, agora tócalle ao servizo de Benestar, é unha necesidade.

Mesa Xeral de Negociación-Sesión extraordinaria 25/09/2024-Expte. 45226/220



Copia do documento - Concello de Vigo

45226-220

Data impresión: 02/10/2024 12:45

Páxina 20 de 28

CSV: ADAB5E-EBB5EA-55B7B4-B3ZDMF-4A6C1Z-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 45226/220

A Presidencia: A parte política e sindical chegou a acordos sobre cifras globais a asumir no que queda de mandato. No caso do servizo de Benestar Social era a creación de oito prazas. Hai que facer o cálculo para ver se somos capaces de crear tres, tres, e dúas prazas nos tres exercicios orzamentarios que quedan. Estase creando tamén unha praza de diplomado/a en traballo social no servizo de Igualdade, e non me atrevo a quitar unha praza tan necesaria nun servizo para poñela noutro, nin a afirmar que un servizos son máis importantes que outros.

E temos que ter en conta que os orzamentos xerais do Estado están prorrogados, e iso pode xerar tamén algunha restrición.

Sr. Alonso Rodríguez (CCOO): Esa é a realidade dos números. Pero a do Comité de Empresa é a que vemos día tras día cas compañeiras do servizo de Benestar Social. A realidade é a da xente da rúa, non a dos números. Os números son modificables. Insistimos na creación desas prazas.

Sr. Pena González (SICO): Pedimos un pouco de esforzo neste exercicio.

A Presidencia: Acabamos de poñer sobre a mesa a creación de catro prazas de diplomado/a en traballo social, pero unha delas tense que crear no servizo de Igualdade, para o centro de atención ás vítimas de violencia de xénero. Para o servizo de Benestar Social crearíanse tres neste exercicio (2025), e comprometémonos a crear outras tres no seguinte exercicio (2026) e dúas no seguinte (2027).

Sra. Andrade Tello (asesora CCOO): Lendo o informe incorporado ao expediente, en relación ás dúas prazas de Benestar Social, quería saber a cales corresponden. Unha das prazas que se incorpora creo que obedece a un erro de cálculo da oferta de estabilización, na que se calcularan sete prazas e eran oito. E a outra á praza de discapacidade que quedou deserta. Se corresponden a esas prazas non serían de nova creación.

E a praza do servizo de Igualdade non a podemos ter en conta neste cómputo porque non é do servizo de Benestar Social.

A Presidencia: A cuantificación que consta no informe é de dúas prazas de nova creación para Benestar Social. A maiores pode haber regularizacións. Pero para crear estas prazas destínanse novos recursos, incrementando dúas prazas en Benestar Social.

Sr. García Álvarez (tesoureiro): Á marxe da carga de traballo, para cumprir a ratio de un/unha traballador/a social por cada 8.000 habitantes, no Concello tería que haber trinta e seis prazas, e non estamos tan alonxados desa ratio.

Seguramente non hai un só servizo municipal que non teña déficit de persoal, arrastrado polos **recortes** na taxa de reposición de efectivos.

Sr. Córdoba Ardao (CCOO): Hai unha desproporción na carga de traballo para unha mesma ratio.

Sra. Andrade Tello (asesora CCOO): Esa ratio está establecida para servizos sociais comunitarios básicos. E non todas as traballadoras sociais do Concello desempeñan esas funcións neses servizos, senón que tamén desenvolven o seu traballo noutros programas de competencia municipal.

A Presidencia: Hai que verificar, en primeiro lugar, o número das prazas reais en Benestar Social a día de hoxe, no exercicio 2024, se son trinta e tres ou trinta e catro. Segundo,

Mesa Xeral de Negociación-Sesión extraordinaria 25/09/2024-Expte. 45226/220



Copia do documento - Concello de Vigo

45226-220

Data impresión: 02/10/2024 12:45

Páxina 21 de 28

CSV: ADAB5E-EBB5EA-55B7B4-B3ZDMF-4A6C1Z-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 45226/220

¿temos créditos para crear dúas prazas de diplomado/a en traballo social en 2025? E terceiro, se é posible crear neste exercicio, en vez desas dúas, tres prazas de diplomado/a en traballo social, unha máis.

Sr. García Álvarez (tesoureiro): Que se saquen os fondos da partida de contratos de interinaxe.

A Presidencia: En conxunto imos crear catro prazas de diplomado/a en traballo social, tres para Benestar Social e unha no servizo de Igualdade.

Sr. Vas Costa (UXT): Para as prazas de nova creación no servizo de Bombeiros ¿habría posibilidade neste exercicio de “permutalas” cas do ano que vén e crear doce prazas de bombeiro, quitando as de cabo e sarxento?

A Presidencia: Iso sería contrario ao informe do xefe de servizo e do xefe de Área.

Sr. Córdoba Ardao (CCOO): Falei co xefe do servizo de Bombeiros e confirma que a demanda de prazas de mando é máis urgente. A parte sindical propón que as catro prazas de bombeiro se incrementen a sete e se cree unha praza máis de condutores-bombeiros, para poder cumprir co acordo político-sindical que partía de trinta prazas básicas a tres exercicios económicos vista, a maiores das once prazas de mandos que se incluíron por cuestións políticas.

A Presidencia: A proporción de prazas de bombeiros/as vai ir subindo, a medida que van ir baixando as prazas de mando. A prioridade actualmente é crear as prazas de mando.

Sr. Pérez Rodríguez (UXT): Outra cuestión, detectamos que ata este ano non se cubrían as catro prazas de auxiliar de biblioteca, este ano promocionaron catro ordenanzas-porteiros, pasando dun grupo D a un grupo C2. Estes traballadores/as encontráronse con que baixou o seu complemento específico. Solicitamos a equiparación nos orzamentos do complemento específico que lles corresponde.

A Presidencia: É unha cuestión da RPT, que se está revisando e avaliando.

Sr. Martínez Pardo (SICO): A previsión de cincuenta mil euros no orzamento para a adecuación de postos creo que vai ser escasa para dar cobertura a todas as modificacións que van ter lugar.

A Presidencia: As partidas teñen unha dotación inicial, despois incrementáanse se é necesario.

Sr. Martínez Pardo (SICO): Vale. E extrapolamos a mesma cuestión á partida de indemnización por sentenzas xudiciais, que está en setenta e dous mil euros, e previsiblemente vai vir un aluvión de sentenzas.

A Presidencia: Temos algunha pola que nos van devolver, entón igual se compensan.

Sr. Córdoba Ardao (CCOO): Unha dúbida sobre a cuantificación dos custos de Seguridade Social, sobre unha instrución interna onde se propón unha especie de prorrateo en función do absentismo. Entendo que isto significa que a partida de seguridade social parte dunha infradotación.

Sr. García Álvarez (tesoureiro): É un problema de partidas, dentro do capítulo I. Cando un traballador/a está de baixa é o Concello o que paga a seguridade social por conta dos mesmos/as. A Seguridade Social, cando liquida o mes, descóntanos ese custo anticipado. O que pasa que ese custo non se reflicte na partida, porque se minora na liquidación da 160.

Mesa Xeral de Negociación-Sesión extraordinaria 25/09/2024-Expte. 45226/220



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 02/10/2024 12:45

Páxina 22 de 28

45226-220

CSV: ADAB5E-EBB5EA-55B7B4-B3ZDMF-4A6C1Z-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 45226/220

Non hai infradotación, sería tecnicamente inviable facelo doutra maneira. É un axuste entre partidas orzamentarias. Está todo cuantificado.

A Presidencia: Outra cuestión, que afecta á Policía Local. Cando aprobamos a súa organización, dentro da revisión establecíase que a medida que se foran producindo as novas incorporacións das ofertas de emprego, íase manter un porcentaxe ponderado de tres quendas. Levamos dous anos e non se tivo en conta. Habería que facer un reaxuste, non sei se agora ou na RPT do ano que vén. Afecta a postos, non a prazas.

Sr. Vázquez Domínguez (SICO): Pedimos que se teña en conta, aínda que sexa un axuste da RPT, ese sesenta por cento de coeficiente de ponderación para o aumento das prazas a tres quendas.

A Presidencia: Está regulado, entendo que o que se di aquí e que se revise o número total desde que se aprobou esa organización, non só este ano.

Sr. Vas Costa (UXT): A xefatura tamén solicitou un/unha técnico/a de xestión.

A Presidencia: Supoño que será para o estudo dunha oficina que de soporte administrativo de forma global á Área de Seguridade e Mobilidade, á Policía Local e a Bombeiros.

Sr. Pena González (SICO): Pódese aproveitar para estudar a redución de persoal policial nas oficinas administrativas da Policía Local, salvo que se trate de segunda actividade.

CIG: Estamos totalmente de acordo.

Sr. Martínez Pardo (SICO): Gustaríanos reiterar a petición que realizamos nos orzamentos do ano anterior, na que nos opuxemos á amortización da praza de inspector principal. Polo tanto a petición actual é a creación da praza de inspector principal.

A Presidencia: Imos respectar o criterio do xefe da Policía Local.

Sr. Vázquez Domínguez (SICO): Aínda que haxa un criterio da xefatura, existe unha Lei de coordinación que é de obrigado cumprimento, e os informes da xefatura non poden ir en contra da lexislación específica. (*Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locais de Galicia*).

Sr. Martínez Pardo (SICO): Van querer sacar a parte de arriba sen ter a de abaixo. Hai un oco moi grande entre elas.

A Presidencia: Para iso asinamos un convenio ca AGASP, para que nos digan o que temos que sacar e como o temos que sacar.

Sr. Pena González (SICO): O persoal normalmente quere promocionar, estáselle cortando esa liña de ascenso, e ademais é necesario que exista unha estrutura de mando cunha pirámide ben formada, desde superintendente ata abaixo, como estaba na RPT anterior.

A Presidencia: Transformouse en intendente, se non recordo mal.

Sr. Pena González (SICO): Non é transformar, teríase que ter creado a de intendente sen amortizar a de inspector principal.

A Presidencia: Veremos que nos din da revisión da RPT que se está levando a cabo.

Sr. Vázquez Domínguez (SICO): Pero se fai dous anos se convocaron dúas prazas de inspector principal por medio da AGASP, unha por mobilidade e outra por promoción interna, quedaron desertas, non se volveron a convocar, e se amortiza unha delas, resulta sorprendente cal é o criterio.

Mesa Xeral de Negociación-Sesión extraordinaria 25/09/2024-Expte. 45226/220



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 02/10/2024 12:45

Páxina 23 de 28

45226-220

CSV: ADAB5E-EBB5EA-55B7B4-B3ZDMF-4A6C1Z-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 45226/220

A Presidencia: Entendo que estará explicado tecnicamente nos expedientes. Podedes pedir o acceso se o vedes oportuno.

Sr. Rodríguez Lorenzo (CIG): Cando se aprobou a oferta de emprego do ano 2023 había un compromiso de transformación de prazas que non se ofertaron. Queda pendente transformar unha praza de oficial de mercados en oficial de instalacións municipais, e unha praza de técnico/a medio/a de laboratorio en técnico/a de medio ambiente. Non se incorporaron na oferta do 2023 para transformalas nestes orzamentos.

A Presidencia: Vaise verificar.

Sr. Igrexas Martínez (CIG): Se se retira a nosa proposta do informe, conforme a intervención do principio, solicitamos que conste a nosa proposta como anexo á acta. En resumo, sobre a creación de prazas na vixente Lei de orzamentos, entendemos que serían quince prazas de condutor ou bombeiro, de forma alternativa, e seis prazas de traballadores/as sociais. Respecto ás transformación de prazas quedara pendente unha proposta nosa do ano pasado, que era transformar os catro postos de axudante de oficios que constaban na RPT, en oficiais.

Tamén propoñemos que se revise a partida de seguro de vida, ca finalidade de introducir o concepto de “morte en acto de servizo”, que suporá un incremento da mesma.

Por último, para futuros orzamentos, que todas as vacantes que se vaian producindo de auxiliar administrativo/a, ou de auxiliar de servizos internos, se racionalicen en administrativo/a, para fomentar a promoción interna.

A Presidencia: En relación ao seguro de vida, desde a Área de Recursos Humanos falouse co corredor dos seguros, que asinamos a través da adhesión ao convenio da FEMP. Estamos revisando as condicións deses acordos para ver se podemos realizar algunha mellora. Unha vez que saibamos algo máis revisaremos a partida.

Por outra banda, aínda que non é un tema de negociación, porque afecta a persoal eventual. Quería comentar que temos vinte prazas de persoal eventual, entre elas unha de asesor/a que está vacante, e hai unha carencia dun perfil concreto, de asesor/a responsable de prensa, que non temos nestes momentos, polo que se vai modificar unha praza de asesor/a en responsable asesor/a de prensa. Non afecta ao número global de persoal eventual.

Sr. Alonso Rodríguez (CCOO): Comparto o manifestado pola CIG no relativo aos axudantes de oficios do servizo de Educación. Teñen que transformarse, por xustiza. A igual traballo igual salario.

A Presidencia: Nalgún momento o persoal terá que realizar o traballo que estea dentro das súas funcións, seguramente cando se incorporen os efectivos novos. Isto vén dunha época na que había restricións e carencias e todo o persoal botaba unha man. O que hai que analizar agora é se necesitamos axudantes, oficiais de diferentes tipos ou o que corresponda, porque igual nos estamos equivocando de perfil. Hai moita tipoloxía de postos.

Sr. Alonso Rodríguez (CCOO): ¿A quen cubre á partida do seguro do carné de conducir?

Sr. García Álvarez (tesoureiro): A partida dótase por cumprimento da norma en vigor, polo convenio.

A Presidencia: Descoñezo se no Parque Móbil teñen este seguro.

Mesa Xeral de Negociación-Sesión extraordinaria 25/09/2024-Expte. 45226/220



Copia do documento - Concello de Vigo

45226-220

Data impresión: 02/10/2024 12:45

Páxina 24 de 28

CSV: ADAB5E-EBB5EA-55B7B4-B3ZDMF-4A6C1Z-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 45226/220

Sr. Alonso Rodríguez (CCOO): Xa que temos a partida podemos contratar o seguro para condutores do Parque Móbil, condutores-bombeiros e policía, que son os que conducen habitualmente de maneira oficial.

Temos tamén o seguro de accidentes de vehículos municipais.

Sr. García Álvarez (tesoureiro): É outro concepto do convenio.

Sr. Alonso Rodríguez (CCOO): ¿Podedes verificar se eses seguros se están pagando? E se non, xa que existe esa partida, que se formalicen eses seguros.

Sr. Martínez Pardo (SICO): Solicitamos incrementar a dotación da oficina de atención ao visitante do servizo de Turismo. Como mínimo incorporar un posto máis.

Sr. Córdoba Ardao (CCOO): Quero deixar constancia en acta un apunte sobre o desenvolvemento da Mesa de Negociación. Acabo de comprobar fai dez minutos que entes exteriores a esa Mesa xa tiñan coñecemento dalgunhas das intervencións dos que estamos hoxe aquí. Isto pode ter causa en dous escenarios posibles: ou alguén está escoitando tras as paredes, ou alguén presente nesta Mesa tivo a indiscreción de estar chateando con xente de fóra, facendo valoracións sobre as intervencións doutros/as compañeiros/as. É algo completamente inaceptable e miserable. Ten relación ca intervención sobre o Parque de Bombeiros/as.

A posición de CCOO é moi clara. O que propoñemos e defendemos é que as catro prazas de bombeiros/as se eleven a sete, e as dúas de condutor/a-bombeiro/a pasen a tres. O que no nos parece correcto nin aceptable é a transformación de mandos en postos base, por unha razón elemental, porque seguimos os criterios dos responsables do servizo.

Sr. Vas Costa (UXT): Fun eu. Porque me preguntaron unha dúbida, pero contestei o que se dixo aquí.

Sr. Córdoba Ardao (CCOO): Pois mal feito. Porque ía propoñer, pensando que non tiña sido ninguén desta Mesa, que as reunións se fixesen noutro habitáculo máis reservado.

Tralo debate, e sen prexuízo da comprobación do número de prazas de diplomada social que conforme as OPE aprobadas procedan e a súa regularización na plantilla, sométese a votación a proposta coas seguintes modificacións

- Creación de (1) dotación máis de Diplomada en Traballo Social para Área de Benestar Social que, sumada ás (2) que xa estaban previstas no informe técnico que se someteu a negociación, dan como resultado (3) dotacións de nova creación de Diplomada en Traballo Social para Benestar Social,

-Transformación dunha (1) dotación de oficial de mercados (que se amortiza) en unha (1) dotación de auxiliar administrativo (que se crea en Benestar Social):

-Cambio dunha dotación (1) de ordenanza porteiro que figura actualmente en Conserxería (Réxime interior) e que se pasa a estar en Benestar Social.

- Reconfiguración dunha dotación de persoal eventual, actualmente “asesor” en “asesor responsable prensa”.

Resultado da votación

A favor: SICO-CSIF (1,3) UXT (1,00), CCOO (0,9) e Concello.

Mesa Xeral de Negociación-Sesión extraordinaria 25/09/2024-Expte. 45226/220



Copia do documento - Concello de Vigo

45226-220

Data impresión: 02/10/2024 12:45

Páxina 25 de 28

CSV: ADAB5E-EBB5EA-55B7B4-B3ZDMF-4A6C1Z-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 45226/220

En contra: Ningún.

Abstención: CIG (0,8).

A Presidencia: Creo que estamos tendo unhas reunións moi produtivas, abríndose un foro de normalidade na comunicación.

Por outro lado, tedes que asumir que sodes responsables de algo, e que hai cousas que non se poden contar, porque ademais pode provocar confusións e fan dano.

Non se pode estar negociando nunha Mesa un día cun responsable político, e ao día seguinte que se diga no periódico que non hai comunicación. Estadese quitándolle valor ao voso propio papel como representantes sindicais.

Estamos mellorando, pero tedes que darlle un toque aos vossos compañeiros/as, porque vos quitan forza, cando estadese pedindo por eles/as.

En todo caso, a que se posicionou sobre o tema de bombeiros/as fun eu. Porque son a responsable do servizo e debo facer un esforzo por dotalo, priorizando o que din os responsables do servizo nos informes, ademais do que eu observo.

Sr. Vas Costa (UXT): Quería aclarar que o compañeiro que ía vir hoxe non puido asistir por estar de reforzo, necesitei realizarlle unhas consultas sobre a opción que formulei aquí. Díxenlle o que comentou o Sr. Córdoba. O que pasou despois non o sei.

Sr. Córdoba Ardao (CCOO): Agradécese a sinceridade.

E sen máis asuntos que tratar e sendo ás once horas e trinta e cinco minutos a Presidencia remata a reunión, do que eu, Secretaria, dou fe, co visto e praxe da Presidenta, concelleira da Área de Seguridade, Festas, Contratación e Xestión Municipal.

SGF/if.

Data e sinatura dixital.

A SECRETARIA - SUSANA GALLARDO FARIÑA

Vº e Pr.: PRESIDENTA - PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO

ANEXO I.- PROPOSTA CIG

Mesa Xeral de Negociación-Sesión extraordinaria 25/09/2024-Expte. 45226/220



Copia do documento - Concello de Vigo
45226-220

Data impresión: 02/10/2024 12:45 | Páxina 26 de 28
CSV: ADAB5E-EBB5EA-55B7B4-B3ZDMF-4A6C1Z-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
Expte. 45226/220



Sección Sindical do
Concello de VIGO

**PROPOSTAS AO CAPITULO I
DOS ORZAMENTOS DO ANO 2025**

A sección sindical da CIG, respecto da elaboración dos orzamentos do ano 2025 facemos as seguintes propostas para ter en conta e de cara á correspondente negociación:

1.- Creación de prazas:

Segundo Lei orzamentos 2023. BOE 31/2022 de 23 de decembro, Art. 20 no apartado tres, punto 4 , letras (f) e (h). Na que fai referencia a exclusión da taxa de reposición e a creación de novas prazas.

- Creación de **15 prazas novas de Condutor-Bombeiro**, para dar cumprimento ás previsións legais e regulamentarias sobre a prestación deste servizo, organización e estrutura.
- Creación de **6 prazas novas de Traballador/a Social**, para dar cumprimento ás previsións legais e regulamentarias sobre a prestación deste servizo, organización e estrutura.

2.- Transformación de prazas:

- Transformación de 7 prazas/postos de Axudante de Oficios en **7 prazas/postos de Oficiais de instalacións municipais** para o servizo de **Educación**, de cara a corrixir o desfase de categorías existente e cubrir as necesidades reais deste servizo.
- Transformación de 2 prazas/postos de Axudante de Oficios en **2 prazas/postos de Oficiais de Instalacións deportivas** para o servizo de **Deportes**, de cara a corrixir o desfase de categorías existente e cubrir as necesidades reais deste servizo.
- Transformación 1 praza/posto de Administrativo laboral (IMD)en **1 praza/posto de Administrativo funcionario**, pendente da OEP 2023.
- Transformar 2 prazas/postos de Auxiliar Administrativo laboral en **2 prazas/postos Auxiliar Administrativo funcionario** pendente da OEP 2023.
- Transformar 1 praza/posto de Auxiliar de Servizos Internos funcionario en **1 praza/posto de Auxiliar Administrativo funcionario** pendente OEP 2023.
- Transformar 1 praza/posto de Oficial de Mercados laboral en **1 praza/posto de Oficial Instalacións laboral (Educación)** costa OEP 2023.
- Transformar 1 praza/posto de Técnico Medio de Laboratorio en **1 Prazas/posto de Técnico Medio de Medio Ambiente** pendente OEP 2023.

Mesa Xeral de Negociación-Sesión extraordinaria 25/09/2024-Expte. 45226/220



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/10/2024 12:45	Páxina 27 de 28
45226-220	CSV: ADAB5E-EBB5EA-55B7B4-B3ZDMF-4A6C1Z-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Expte. 45226/220

- Cambiar a denominación do posto de oficial de instalacións municipais para distinguilos do posto de oficial de instalacións deportivas IMD, tal como suxire a presidencia na Mesa de Negociación da OEP 2023.

3.- **CAP. I:**

- Incremento de 100.000 € a partida do Fondo de Acción Social, de cara a recuperar os incrementos de IPC dos últimos anos.
- Dotación dunha partida específica para a aplicación da nova RPT que está previsto realizar para todo o persoal municipal.

4.- **Outros:**

- Un ano máis, reiteramos a necesidade URXENTE de renovación de vehículos e maquinaria do parque móbil, así como doutros servizos municipais, dada a antigüidade e deterioro dos vixentes.

Vigo, 29 de maio de 2024.
Asdo.: A secretaria da Sección Sindical da CIG

Iolanda Alonso Regueiro

Mesa Xeral de Negociación-Sesión extraordinaria 25/09/2024-Expte. 45226/220



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/10/2024 12:45	Páxina 28 de 28
45226-220	CSV: ADAB5E-EBB5EA-55B7B4-B3ZDMF-4A6C1Z-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		